

DO SON e o seu antónimo

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Sábado, 22 Xaneiro 2011 18:27



Anos despois, acabo de rler Pedro Páramo, de Juan Rulfo. Mentres lía, na miña cabeza coábase unha e outra vez, sen saber por qué, Goognight Irene, incluída por Ry Cooder no traballo Chicken skin music. As asociacións de ideas e as percepcións prodúcense, segundo en que ocasións, sen que o individuo teña que facer nada de xeito consciente para que sucedan. Simplemente acontecen.

Reflexionando sobre isto atopeime, unha vez máis, cunha obviedade que non por selo quixen evitar deixarme ir. Pero antes de expoñela e valorala, quero facer unha manifestación de carácter persoal: Non sei a que cheiran as algas cuspidas polo mar, a terra en verán despois de ser empapada pola chuva, ou o sexo dunha muller; tampouco podo defenderme daqueles perigos físicos que se detectan a través do olfacto porque a natureza me colocou neste mundo sen el. Esta tara física, entendo, concédeme certa lexitimidade para referir cuestións ou crear metáforas neste texto que, noutras circunstancias, podían ser mal entendidas ou molestar a un concreto grupo de persoas. Feita a aclaración, regreso ao que ía: Identifico a vida co son; logo, o seu antónimo é o meu sinónimo de morte.

O silencio sempre me pareceu misterioso, inquietante, por momentos terrorífico, outras veces tranquilizante. En ocasións búscoo. Pero todas esas emocións que me fai percibir, nunca as consegue o silencio absoluto. Como mínimo estou eu nel, cos meus latexos de vida. Cando John Cage quixo comprobar os resultados da súa provocadora, experimental e silenciosa obra 4' 33', con David Tudor como primeiro interprete en 1952, atopouse cos sons ambiente do contexto. O silencio non se mostraba en termos absolutos. Segundo conta o propio Cage en Silence, xa en 1951, querendo experimentar ata que punto o silencio érao nunha cámara xorda, topárase, dentro dunha da universidade de Harvard, cos sons que, segundo lle explicaron posteriormente, emitía o seu propio sistema nervioso e a súa circulación sanguínea. Agora ben, en ocasións cremos percibir unha idea de silencio total. Cremos escoitar como soa a nosa idea de morte. A min sucédeme contemplando algunhas obras creadas por De Chirico durante a súa etapa metafísica; deixándome levar, da man de Rulfo, por Comala; ou, ultimamente, contemplando o cimborio da igrexa católica que Antonio Palacios construíu en Panxón. Neste caso, teñen a culpa unhas mans torpes e necias que, non hai moito tempo e en complicidade cos Organismos e Administracións de competencia, se asañaron con el ata aniquilarlle a alma.

DO SON e o seu antónimo

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Sábado, 22 Xaneiro 2011 18:27

Outras veces, a acepción do silencio que non o é, utilízase para valorizar o son. Nuns casos separando conceptos, como por exemplo fixo maxistralmente Johann Pachelbel no seu Canon e Giga, onde a música despois de enmudecer renace totalmente transformada; noutros, introducindo tensión entre fragmentos de son;... Sempre, alongando o tempo; ou consumíndoo. Pero, nunha división clásica ou “decimonónica” do son, non só a sección máis elaborada e “intelectualizada” deste forma parte da vida, tamén o é aquela máis groseira: o ruído (1). En todo caso, o noso ámbito está ocupado constantemente por sons - audiofrecuencias e outros - que dalgún xeito son notarios de vida. Hainos urbanos e rurais; distinguímolos. Atmosféricos, industriais, orgánicos e inorgánicos, marítimos, agradables, relaxantes, irritantes, descoñecidos, insoportables, recoñecibles, terrestres, e por aí. O son ten moi diversas procedencias e manifestacións e, aínda nos casos en que provén dun mesmo emisor, non sempre é igual: Imaxinémonos emprazados sobre a area da praia Cuncheira, en Baiona, identifiquemos e escoitemos o son do mar; rompente. Agora despracémonos uns poucos metros para situarnos na praia Ribeira, identifiquemos e escoitemos o son do mar; manso. A especificidade transfórmao. Esta especificidade afecta a todo. Lembro como na miña nenez, vivindo cos meus pais nunha casa que distaba pouco do bosque, unha pequena brisa era transformada acusticamente polos eucaliptos nun furacán. Aprendín que a capacidade para xerar ruído coas súas follas é unha das especificidades do eucalipto.

Pero non só o territorio esta abnegado de son. Cando transitamos unha arquitectura, ademais da súa morfoloxía, materialidade, cheiros, luz, texturas, cores, temperatura... emocionánnos e axúdannos a comprendela e a sentila como obra de arte, os seus sons; que os ten. O son é compañeiro na nosa vida e, como nós, habita o espazo. O oído, un carteiro de emocións.

Por certo; pregúntome: ¿Como afectarán os xeradores eólicos, que alguén pretende instalar nas serras do Galiñeiro e A Groba, ao son do Val do Miñor?

(1) Como sabemos, esta división entre música e ruído foi amplamente contestada e superada polas vangardas do século xx – A. Schönberg, M. Feldman, E. Varèse, J. Cage,.... - que, atendendo a traballos de investigación e experimentación, remataron por conseguir que actualmente os profesionais designen a todas estas manifestacións do espectro audible como sons, simplemente.

